



CEP PLURILINGÜE

DE RIOMAIOR



**PROXECTO DE FOMENTO DO USO
DO GALEGO**

De acordo co establecido na Orde do 29 de decembro do 2016 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2016/17. (DOG do 18 de xaneiro de 2017)

ÍNDICE

	PÁX.
1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
2.1.- A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	4
2.2.- A SITUACIÓN DO CENTRO	5
2.3.- A SITUACIÓN DO ALUMNADO	6
2.4.- A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	7
3.- DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS	8
3.1.- RELACIONADOS DOA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA	9
3.2.- RELACIONADOS CO PROFESORADO	9
3.3.- RELACIONADOS CO ALUMNADO	10
3.4.- RELACIONADOS DOA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	10
4.- DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	11
4.1.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	12
4.2.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ALUMNADO	19
4.3.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROFESORADO E COA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	21

1.- INTRODUCCIÓN.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, establece que os poderes públicos deben garantir o uso normal do galego e do castelán. O galego é a lingua oficial no ensino en tódolos niveis non universitarios, polo que esta lingua é materia de estudo obrigado e garantírase que ao remate das etapas educativas, nas que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado debe coñecer esta lingua, tanto a nivel oral como escrito, en igualdade co castelán.

Para acadar dito obxectivo da Lei de Normalización Lingüística (garantir a todo o alumnado a capacidade de utilización das dúas linguas oficiais) atopámonos coa dificultade de que para acadar plenas competencias comunicativas nun idioma tense que practicar habitualmente, non sendo suficiente que este se estude como materia obrigatoria do currículo escolar. Así pois, para garantir o coñecemento da Lingua Galega, resulta imprescindible desenvolver actitudes positivas cara ao seu emprego, así como habilitar outras medidas que favorezan o seu uso oral e escrito dentro e fóra das aulas. A este obxectivo de desenvolver actitudes positivas cara ao uso do galego vai enfocado, basicamente este proxecto. E con esa creación de actitudes positivas referímonos tanto ao contorno como ao ámbito interno do Centro, especialmente no referido ao alumnado.

Do mesmo xeito, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega insiste na necesidade de promover medidas en pro do galego co gallo de equiparar o nivel de competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais e corrixir a situación social de desigualdade entre os dous idiomas.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo pretende garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais en Galicia e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

No CEP Plurilingüe de Riomaior vimos desenvolvendo dende hai tempo unha ensinanza activa e participativa e o seu mellor expoñente é, no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a manipulación por parte do alumnado de cantos elementos de comprensión e expresión somos capaces de lles proporcionar, así como o descubrimento, mediante saídas programadas e outras actividades, da realidade ao seu alcance.

E todo coa mesma finalidade: “**contribuír a que a lingua galega**, patrimonio de todos os galegos e patrimonio da humanidade, **acade o prestixio e a presenza social abondas** que conduzan á súa transmisión normal de xeración en xeración”.

2.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

A planificación lingüística é un proceso meditado e baseado na consecución duns obxectivos realistas, que leve ao alumnado a acadar os obxectivos recollidos na lexislación e de acordo co que se establece no decreto 124/2007 do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, no Proxecto Lingüístico do noso Centro dise:

- O CEP Plurilingüe de Riomaor está radicado ao fondo da ría de Vigo trala ponte de Rande, a carón do río Maior do que toma o nome, coa agricultura, a pesca e o marisqueo como actividades ás que se dedican unha parte importante dos seus habitantes, nun contexto con porcentaxes altas de galego-falantes que nos caracteriza, pero, ao mesmo tempo, constatando unha forte desgaleguización interxeracional nos últimos anos.
- A transmisión primaria da lingua galega ás novas xeracións tivo, ata fai pouco tempo, como principais responsables ás familias. Esa transmisión tornouse máis difícil porque moitas persoas, instaladas xa na lingua castelá como predominante, non lle atopan rendemento práctico á lingua minoritaria, nestes casos, o galego.
- No noso Centro os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** veñen desenvolvendo a súa actividade de maneira ininterrompida e de xeito efectivo desde o curso 1990-91.

En resumo, o noso Centro está implicado na **promoción, difusión e uso da lingua e cultura galega**, polo que a nosa lingua tanto a nivel de relación entre profesores, coas administracións territoriais e locais galegas, así como con outras entidades públicas e privadas de Galicia é o galego. Do mesmo xeito, tanto o material utilizado como as obras resultantes da acción teñen, maioritariamente, un soporte galego.

Somos conscientes de que é necesario un maior esforzo para propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas lingua oficiais por parte de toda a comunidade educativa garantindo a mesma competencia comunicativa en ambas as dúas linguas ao remate da educación primaria, e unha competencia básica na lingua inglesa.

O presente proxecto está apoiado nunha análise sociolingüística da contorna e da realidade do propio centro, obtendo como resultado as claves que aquí reproducimos.

2.1.- A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O equipo analizou datos sobre a realidade lingüística da contorna que permitirá orientar debidamente as actividades previstas para o curso 2016-2017.

As variables referidas á maior ou menor presenza das linguas neste contexto físico-social poderíamos concretalas así:

- Nas familias úsase o galego como lingua habitual, aínda que cada vez en menor medida.
- Tamén é o galego a lingua empregada na gran maioría das interaccións comunitarias.
- O Concello de Vilaboa usa a lingua galega como lingua vehicular.
- Todas as entidades asociativas de Vilaboa usan o galego na súa actividade e nas relacións coa comunidade.
- A lingua predominante na zona educativa, tomando como mostra a que se fala na casa das familias dos alumnos do noso Centro, é, maioritariamente, o galego

nunha proporción do 70 %, utilizando o restante 30 % o castelán como lingua habitual de comunicación aproximadamente.

- Nas interaccións comunitarias, a porcentaxe de uso habitual da lingua galega achégase ao 75 %.
- Os habitantes maiores de 25 anos, é dicir, os pais e avós das nosas alumnas e alumnos, están instalados de forma moi maioritaria no galego como lingua vehicular. Deles, unha porcentaxe cada vez maior non llelo transmite aos seus fillos, se ben podemos aínda falar dunha transmisión maioritaria que nos atrevemos a cifrar nos dous terzos.

Tomando como referencia este elevado nivel de galeguización da comarca e sen esquecer a caída porcentual na súa transmisión interxeracional, podemos concluír que no alumnado do CEP Plurilingüe de Riomaior obsérvase un nivel medio de galeguización, pero, ao mesmo tempo, é visible unha caída no seu uso habitual nas promocións máis novas.

Podemos resumir, que a tendencia progresiva de desgaleguización do alumnado máis novo é xa un feito e cómpre desenvolver estratexias de recuperación. Con todo, o INDICADOR GLOBAL sitúanos nunha **contorna con predominio do galego**.

2.2.- A SITUACIÓN DO CENTRO.

Os datos dos que dispoñemos actualmente para analizar ao profesorado do centro, correspóndense ás enquisas e pescudas realizadas ao comezo do presente curso e na observación directa, coincidindo coa chegada de mestres e mestras novos ao centro. A investigación permite extraer algunhas claves relativas a este sector:

- A lingua habitual do profesorado do CEP Plurilingüe de Riomaior é maioritariamente o galego, destacando un grupo maioritario de docentes bilingües con predominio do galego, e un grupo minoritario de profesores/as bilingües con predominio do castelán.
- O profesorado ten a formación necesaria para ensinar e expresarse en galego e a percepción que posúe da súa capacitación para empregalo na actividade docente é media-alta. A disposición dos docentes para actualizarse e reciclarse en lingua galega é moderada ou boa.
- En termos xerais, nas variables referidas a actitudes respecto do idioma, non se detectan prexuízos, sendo, en xeral, positivas. En relación ao proceso de normalización, ao plurilingüismo e á lexislación educativa en materia lingüística tampouco se atopan grandes atrancos no terreo das actitudes.
- Estamos comprometidos por convicción a fomentar o uso do galego oral e escrito entre o alumnado, sen esquecernos da lingua castelá e ampliando tamén o uso da lingua inglesa.
- Polo demais, cómpre sinalar que se detectan lagoas importantes nos materiais que complementan os libros de texto (apuntamentos e recursos audiovisuais e

multimedia de calidade e actualizados en lingua galega), de aí que, nalgunhas ocasións, e a pesar do esforzo do profesorado na elaboración de material propio, se recorre ao castelán.

2.3.- A SITUACIÓN DO ALUMNADO.

Neste curso 2016-2017 a matrícula ascende a 134 alumnos/as que proceden nun 99 % das parroquias de Sto. Adrán e Sta. Cristina de Cobres.

Se facemos unha análise global no presente curso destacamos as seguintes conclusións:

- A lingua que empregan cos seus amigos e que prefiren utilizar para falar cos mestres é o castelán.
- Tamén é o castelán a lingua que empregan máis os seus pais cando falan con el ou ela.
- O castelán xa é a lingua inicial maioritaria (60%).
- Consideran que as tres linguas (galego, castelán e inglés) son necesarias por igual, o 77%.
- Na escola é onde máis se comunican en galego.

No curso 2012-2013, nunha aposta por mellorar as competencias lingüísticas do noso alumnado, comezamos o proceso de ensino-aprendizaxe dunha área non lingüística, neste caso a Expresión Plástica, en lingua inglesa, considerando que a aprendizaxe das tres variedades lingüísticas ao comezo do proceso socializador é o máis adecuado desde o punto de vista pedagóxico e sociolingüístico. Trátase, ademais, de espallar a idea de que vivimos nunha sociedade aberta onde o plurilingüismo é unha necesidade ademais dunha oportunidade.

Ademais continuamos desenvolvendo o **Tratamento integrado das Linguas (TIL)** iniciado no curso 2014-2015. No curso 2014-2015, comezamos a desenvolver o **Portfolio Europeo das Linguas**.

- **Plan Proxecta:** con dous proxectos en marcha, “Recíclate con SOGAMA” e “GALISCON” . Ambos desenvolveranse en galego.

Un dos factores determinantes no descenso do uso da lingua galega está precisamente na perda do galego como lingua inicial. Os pais, a pesar de que en numerosos casos son galegofalantes habituais, mudan a súa lingua para se dirixiren aos seus fillos, quizais por causa dunha estigmatización e baixo prestixio social que posúe.

2.4.- A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

No CEP Plurilingüe de Riomaior temos desde hai xa moitos anos unha clara vocación favorecedora da normalización da comunidade escolar en expresión galega. Facemos da lingua galega a lingua vehicular en todos os seus ámbitos de funcionamento; realizamos o proceso inicial da lectura e escritura na lingua inicial do alumnado e tendemos a un uso equilibrado e non discriminatorio das dúas linguas cooficiais en Galicia durante toda a escolaridade (galega e castelá), garantindo a adquisición da competencia lingüística propia da etapa, na convicción de que as linguas enriquecen, son multiplicadoras da propia competencia e son útiles.

As variables deste punto indícanos a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que ten nas actividades docentes:

A.- NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Dende hai xa moitos anos, nas actividades extraescolares que se desenvolven no CEP Plurilingüe de Riomaior úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios, etc. Do mesmo xeito, a lingua oral de relación e uso no desenvolvemento das mesmas é o galego maioritariamente. Neste sentido, podemos dicir que estas actividades están practicamente normalizadas no que se refire ao uso do idioma para a súa xénese, realización e promoción.

Así e todo, cómpre corrixir un aspecto formal e que consideramos ten moita transcendencia en relación á mensaxe subliminar que se acaba transmitindo. Referímonos aos carteis, convocatorias ou avisos propagandísticos de entidades, clubs ou asociacións alleas ao centro, que expoñen os seus chamados nos taboleiros reservados para estes casos. Ten sucedido que algúns (a minoría) están redactados en castelán e que dalgunha forma estase inculcando unha diferenciación en canto ao uso do galego en función de se ese documento nace no centro ou o fai fóra, diferenciación que estimamos perniciosa en canto á valoración social do galego. Non parece lóxico que as contradicións afloren tan preto e con tanta frecuencia, e semella evidente que son necesarias estratexias para procurar que tal circunstancia non aconteza.

B.- NA ROTULACIÓN DE ESPAZOS E DEPENDENCIAS.

Todo tipo de carteis, rótulos, letreiros, ... que existen no colexio están redactados en idioma galego, tanto nas dependencias académicas como nas que ofertan os diferentes servizos. Como en anos anteriores, durante o presente curso escolar estamos a desenvolver unha medida consistente na elección dun tema director de todas as actividades do Centro: "DESTINO.com". Obxectivo neste tema, créanse textos con imaxes alusivas, que dan nome a cada unha das aulas do Centro. Dito rotulado, carteis e outros están redactados en lingua galega.

C.- NOS ESPAZOS DE CONVIVENCIA E NAS RELACIÓNS HUMANAS.

O uso do galego é maioritario, como corresponde á dinámica social que circunda o Centro. Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas relacións que mantén coas familias, co alumnado en contextos informais e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.

D.- ADMINISTRACIÓN E SECRETARÍA.

A normalización do idioma galego neste campo é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral. Aténdese ao público en galego e emprégase este idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións. Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de cualificacións, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego. Por outra parte, non se observa ningún tipo de atranco ou dificultade que inducise a pensar que esta situación idónea fose a variar.

A lingua galega tamén ten unha utilización sistemática en todas as actividades relacionadas coas TIC (web do Centro, blogs dos distintos Equipos, Traballo aula, TokApp School, ...).

Así mesmo, tanto a ANPA como o persoal non docente do Centro, empregan a lingua galega como lingua habitual nas súas interaccións co resto da comunidade escolar.

Á hora de realizar a programación, no Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEP Plurilingüe de Riomaior temos en conta estas circunstancias, así como que a lexislación actual sinala claramente como un dos obxectivos xerais básicos o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira. Daquela, fixéronse os obxectivos, medidas e actividades que se citan a continuación.

3.- DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.

Na formulación dos obxectivos debemos ter en conta distintos grados de consecución: Inicio-avance-consolidación-ampliación, tendo en conta a diversidade de perfís profesionais e niveis de coñecementos dos distintos axentes educativos.

Os obxectivos fórmulanse de acordo coa lexislación vixente, coas circunstancias concretas da nosa comunidade educativa, coas necesidades de todos os membros que a

compoñen e axustándose ao Proxecto Educativo do noso Centro.

3.1.- RELACIONADOS COA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA.

- Proxectar na contorna unha imaxe dinámica e positiva do Centro, abríndonos á sociedade circundante, recadando a súa cooperación e participación activa.
- Valorar positivamente o uso da lingua galega entre os membros da comunidade escolar para superar progresivamente os esquemas diglósicos e dos prexuízos que aínda seguen asociados, así como da súa consecuencia máis negativa: o rexeitamento e actitudes negativas cara á lingua.
- Fomentar entre os pais e as nais do noso alumnado o uso do galego cos seus fillos valorizando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.
- Coñecer, valorar, estimar, conservar e transmitir o noso Patrimonio Cultural Inmaterial.
- Posibilitar e fomentar a ampliación do uso da nosa lingua por parte da comunidade educativa, tanto na oralidade como na escrita, e afianzar a confianza e dignidade no seu emprego como vehículo natural e propio de comunicación.
- Poñer en valor a tradición oral de Galicia.
- Promover a normalización do galego a través do coñecemento e da reflexión sobre distintos aspectos da nosa realidade e de persoeiros destacados para a historia da nosa lingua.
- Implicar activamente a toda a comunidade escolar, e especialmente ao alumnado, nunha labor dinamizadora do uso da lingua galega e da súa valoración positiva nas súas relacións sociais máis alá dos límites da escola.

3.2. RELACIONADOS CO PROFESORADO

- Adquirir, elaborar e recoller material en galego para facilitar o seu uso.
- Impulsar a realización de actividades que favorezan e melloren a competencia lingüística no uso do galego e que incida positivamente na súa adopción como lingua habitual.
- Concienciar ao profesorado (e tamén ao alumnado) da necesidade de usar o idioma en todos os ámbitos e áreas, implicándose no proceso normalizador.
- Proporcionarlle ao profesorado a formación e os medios de traballo posibles que lle permitan realizar a súa labor empregando o galego como lingua instrumental.
- Promover a través das TIC os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede, consolidando o seu uso na web e nos blogs do Centro.
- Conseguir que toda a documentación escrita producida no centro (actas, comunicacións, informes, convocatorias, etc.) estean en galego normativo.
- Adquisición de material en galego.

3.3. RELACIONADOS CO ALUMNADO

- Mudar actitudes lingüísticas negativa cara ao galego existentes entre o alumnado por outras máis positivas.
- Motivar ao alumnado a expresarse oralmente e por escrito en lingua galega.
- Crear situacións de uso do galego integradoras, tanto para o alumnado que non está asentado nesa lingua como para os que, polas súas necesidades específicas de apoio educativo, teñen maior dificultade comunicativa.
- Diseñar espazos de uso normalizado da nosa lingua en contornos actuais e vitais relacionados con aprendizaxes vangardistas, que non só melloran a educación da persoa, senón que ofrece alternativa de ocio e goce.
- Avanzar na accesibilidade, aproveitando mellor os recursos que elaboramos.
- Potenciar as capacidades do alumnado para valorar a realidade lingüística e pluricultural de Galicia.
- Lograr na vida diaria do noso centro, tanto nas aulas como fóra delas, a normalización plena do galego, incidindo na mesma proporción e sentido en todos os membros da comunidade educativa.
- Apreciar a lingua galega como ferramenta para expresarse en todas as situacións da vida e consolidar o seu emprego normalizado tanto na súa dimensión escrita coma oral.
- Utilizar materiais audiovisuais, medios de comunicación e as TIC para mellorar a competencia lingüística.
- Recoñecer e valorar a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social.
- Adquisición de material en galego: dicionarios nas titorías.

3.4. RELACIONADOS COA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

- Ampliar a oferta educativa e difundila na comunidade, contribuíndo a crear unha identidade propia e definida, innovadora... compartida cos diferentes axentes da mesma.
- Potenciar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro, facéndoo visible en todos os espazos.
- Lograr na vida diaria do noso centro, tanto nas aulas como fóra delas, a normalización plena do galego, incidindo na mesma proporción e sentido en todos os membros da comunidade educativa.
- Darlle pulo á utilización das TICs, promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet, aplicacións móbiles,...

- Desde o blog do EDLG recompilar e facilitar material informático que axude a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos...
- Espallar a convicción de que no futuro da lingua vai ser moi importante a nosa actuación social, e que a nosa participación e utilización individual van ser elementos positivos na recuperación de usos.
- Difundir a lexislación actual e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
- Continuar participando activamente nas actividades desenvolvidas dende o Concello e outras institucións .
- Mellorar as competencias lingüísticas, a presentación escrita, etc, das diversas actividades nas que participamos.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e Equipos de Dinamización da Lingua Galega da comarca e provincia.

4.- DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Ofrécese, a continuación, a relación de actividades previstas para o curso 2016 -2017, relación evidentemente deseñada para a consecución, total ou parcial dos obxectivos definidos máis arriba. No comezo do curso escollemos un eixo central dinamizador de moitas das actividades que se van desenvolver ao longo del e que van encher de contido a Semana Cultural que se describe máis abaixo. Este ano decidimos traballar nun proxecto sobre o turismo e as TIC, que se deu en denominar: DESTINO.com . O tema foi debatido e acordado por todo o claustro de mestres .

Neste sentido, cabe salientar que aínda que a elaboración, organización e posta en práctica deste proxecto parte fundamentalmente do EDLG, é asumido por toda a comunidade educativa.

A filosofía do centro involucra a todos os niveis e demais membros da comunidade educativa na meirande parte das actividades, e todas se levan a cabo en estreita coordinación e colaboración de todos os equipos dinamizadores, destacando o papel do Equipo de Biblioteca, a partir do cal xurdirán moitas delas.

As actividades descritas, ademais de darlle soporte e cobertura á expresión en galego, teñen como obxectivo unha motivación forte no profesorado, alumnado e familias, desde a perspectiva das distintas realidades lingüísticas existentes entre a comunidade escolar do noso Centro, sen esquecernos da colaboración de distintas institucións externas e do apoio das novas tecnoloxías.

Así pois, as actividades coas que se persegue a consecución dos obxectivos propostos, dun xeito globalizado e por suposto, con carácter aberto, son as seguintes:

4.1.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

4.1.1.- INAUGURACIÓN DO CURSO.

O 12 de setembro daremos a benvida aos alumnos/as e familias, con actividades de acollida e charla de D. Hector Santos, responsable de turismo da Deputación.

4.1.2.- SAMAWEEN.

Con este nome, intentamos fusionar o Halloween coa festa de Fin de ano celta (Samaín), é dicir, mesturando o medo coas tradicións celtas. Foron numerosas as actividades que se organizaron para esta conmemoración:

- Concurso artístico: (empregando materiais de refugallo e coa colaboración das familias)

- Tallar cabazas protectoras con temática celta, que serán empregadas para a ambientación dos corredores.
- Elaborar unha ofrenda celta para contentar aos espíritos.

- Concurso literario: En todas as modalidades se poderá participar de xeito individual, por parellas, pequeno grupo ou grupo clase, partindo dun conto inacabado que ten por protagonista ao noso veterano destas datas, Pedro Tinne:

- Elaboración dun cómic (todos os niveis)
 - Invención dun título para a historia de Pedro Tinne. (1º e 2º nivel)
 - Creación e descrición dos amigos de Pedro Tinne respectando a tradición celta. (3º e 4º nivel)
 - Redacción dun final para a historia de Pedro Tinne. (5º e 6º nivel)

O día 28 de outubro, haberá un acto no que se fará entrega dos diplomas aos premiados e no que un "druída misterioso" fará unha apócema cun conxuro, para comezar o ano con moi boa sorte. Este día, todos os membros da comunidade educativa, virán disfrazados para tal ocasión e todo o colexio estará ambientado.

4.1.3.- MAGOSTO.

O mesmo día do SAMAWEEN, o 28 de outubro, faremos un magosto a continuación da entrega de premios. No patio da escola haberá un circuíto de xogos populares celtas, nos que todos os alumnos/as participarán en grupos interniveis. Ao final da xornada, comeremos as castañas asadas todos xuntos e degustaremos pratos elaborados con produtos típicos do outono, cociñados polas familias (colaboración da ANPA).

Durante esta semana, o EDLG porá a disposición do profesorado UD referidas ao magosto, para os diferentes niveis.

4.1.4.- MIGALLAS.

Contaremos no mes de novembro coa visita do grupo Migallas, para a presentación do seu traballo "Canta connosco!", no que participou alumnado do noso centro.

4.1.5.- NADAL.

Para esta data as actividades a desenvolver son:

- UN NADAL MUNDIAL: elaborárase un mural colectivo no que participarán todos os niveis, recollendo e plasmando información sobre as distintas maneiras de festexar o Nadal en distintos puntos (figura típica, gastronomía, lingua, bandeira...). A distribución xeográfica, para esta e para as outras actividades que teñan algunha relación co turismo será a seguinte:
 - o 1º nivel: Vilaboa.
 - o 2º nivel: Pontevedra.
 - o 3º nivel: Galicia.
 - o 4º nivel: España.
 - o 5º nivel: Europa.
 - o 6º nivel: O mundo.

- POSTAIS DE NADAL: todos os alumnos elaborarán unha postal de Nadal, constando das seguintes partes: portada (en ART, con verbas en lingua inglesa) e texto (en lingua galega). Farase unha exposición con todas elas e escollerase unha gañadora para enviar desde o centro a diversas institucións, e todas serán entregadas ás súas respectivas familias.

- CARTEIS E DECORACIÓN COMERCIAL: o alumnado, elaborará carteis de aberto/pechado, carteis con "Bos desexos de Nadal" e decoración variada, en lingua galega para agasallar aos comercios da contorna e que os teñan expostos nos seus establecementos durante o mes de Nadal.

- FESTIVAL DE NADAL: gozaremos toda a comunidade educativa das diversas actuacións do noso alumnado e mestres, o día 21 de decembro. Haberá diversidade: cancións, bailes e representacións; todas elas en galego e referidas ao Nadal e o turismo.

4.1.6.- DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ.

O 27 de xaneiro, conmemoraremos o Día da non violencia e da Paz. As actividades organizadas son as seguintes:

- Elaboración dun mural cos logos de diferentes ONGs, no que participará todo o alumnado. Previamente, nas aulas traballaremos sobre estas organizacións, para que os alumnos/as coñezan a súa existencia, a que se dedican,...

- Na área de Art, os nenos/as farán un *sacapenas*, apoiándose no visionado dun vídeo elaborado por nós mesmos en lingua galega, no que se dan as instrucións ou pasos a seguir.

- Acto conmemorativo:

. Contaremos con D. Pedro Alberto Sánchez Benavente, membro da ONG ASDEGAL, quen dará unha charla a mestres/as e alumnos/as.

. Presentación dos mediadores (alumnos/as) dos diferentes niveis e explicación das súas funcións.

. Todos xuntos, cantaremos e bailaremos a cantiga "Nai Terra".

4.1.7.- ENTROIDO.

O Entroido en Cobres é unha tradición moi arraigada na zona. Consiste na confección de disfraces por niveis para formar comparsas (relacionadas co turismo) que, máis tarde, nas actividades desenvolvidas no patio, desfilan e cantan as súas coplas críticas. Ademais hai un alumno/a que se viste de Galo con plumas de moitas cores con caramelos pendurados delas. Este Galo é o chibo expiatorio de tódolos males acontecidos no ano. É xulgado, escoita as acusacións que lle fan tódolos alumnos/as e logo realiza o que demos en chamar **“A corrida do Galo”** como homenaxe a unha costume do Entroido de Cobres cuxos orixes pérdense na borralla do tempo. Esta corrida *sui generis* consiste en que o galo foxe nun momento do xuízo e é perseguido polos máis cativos que se encargan de desplumalo e collerlle os caramelos, tanto os que leva pendurados como os que bota á rapañota para distraer a persecución. Para rematar, e se é considerado culpable, debe morrer queimado nunha fogueira purificadora (momento no que se cambia o Galo por un boneco) non sen antes ler o seu testamento. Esta actividade é aberta á asistencia de familiares e amigos da contorna.

Previo a estas actividades xa tradicionais no noso colexio, contaremos coa colaboración das familias e mestres, que proveñen de lugares cun Entroido famoso ou peculiar, para darllo a coñecer a toda a comunidade educativa: Verín, Canarias, Brasil e Arxentina. Ademais, este ano o pregón correrá a cargo da Concelleira de Turismo de Vilaboa. Gozaremos tamén, da degustación de receitas típicas do Entroido, elaboradas polas familias e contando coa colaboración da ANPA.

Durante esta semana, de xeito acumulativo, os alumnos/as e mestres/as deberán traer un complemento relacionado co Entroido dalgún lugar que destaque por esta festa.

4.1.8.- XVII CROSS ESCOLAR "RIOMAIOR".

Como en anos anteriores, a ANPA do colexio, en colaboración co Claustro e co Concello de Vilaboa, organizará e desenvolverá a XVII edición do **Cross Escolar** de Riomaior, o día 22 de maio.

Esta actividade proxecta unha imaxe dinámica e positiva do Centro e reúne a máis de 300 persoas entre alumnos, mestres e familiares que representarán á maioría dos Colexios do Morrazo e zona de influencia, nunha xornada de ocio e actividade deportiva.

4.1.9.- SEMANA CULTURAL.

A nosa tradicional Semana Cultural (imos pola XXII edición), promove a creatividade e maila expresión oral, escrita e artística do noso alumnado, que se formula arredor dun tema socioeconómico e cultural de interese e vén sendo unha recompilación e exposición de traballos e actividades que o alumnado, dirixido e apoiado polo resto da comunidade educativa, veu realizando ao longo do curso. Este ano estará dedicada ao turismo e as novas tecnoloxías (DESTINO.com) e o seu contido incluirá exposicións, conferencias, creacións artísticas, experiencias científicas, visitas, obradoiros...

Tamén teñen cabida neste escaparate activo e participativo todas as actividades e realizacións promovidas por outros equipos docentes. Levarase a cabo do 13 ao 17 de xuño e o programa concreto da Semana deséñase no mes de abril, desenvolvendo as seguintes actividades:

- Interpretación de elementos traballados nas diversas actividades ao longo do curso.
- Conferencias ou obradoiros dirixidos por persoas relacionadas co eixo director.
- Participación das asociacións culturais de Vilaboa e outros convidados.
- Exposición relativa ao tema director.
- Elaboración de murais e paneis con vocabulario e ilustracións relacionados turismo e as novas tecnoloxías.

Como colofón final a esta semana, o día 17 de xuño, todos os alumnos/as e mestres/as do colexio, interpretarán un musical para o resto da comunidade educativa. Unha vez adquiridos e traballados os contidos previos, cada grupo clase escollerá unha zona, habitante ou termo relacionado co turismo, así como o grupo de mestres/as. Quedará distribuído do seguinte xeito: 1º- Hindús, 2º- Romeiros, 3º- Peregrinos, 4º- Mexicanos, 5º- Chineses, 6º A-Safari, 6ºB- Africanos. O alumnado de 6º será o encargado de crear e redactar o guión que cada grupo interpretará, a partir desta selección e tendo en conta o fío condutor: Un grupo de alumnos/as atopa na biblioteca do centro unha serie de documentación (mapas, xeroglíficos,...) e deciden seguir as pistas. É así como comezan a súa viaxe, para acabar dándose conta de que o mellor tesouro é a multiculturalidade e a amizade. Ademais, este grupo (os alumnos de 6º) xunto co alumnado de 5º, escollerán a música para cada escena. Os actores prepararán a actuación, coreografía e deseñarán a súa caracterización coa axuda dos mestres/as tutores/as e especialistas de cada área (EM, EF, EA).

4.1.10.- EXCURSIÓN DE CONVIVENCIA.

O día 21 de xuño, toda a comunidade educativa participaremos dunha saída organizada para pasar unha xornada de convivencia en lingua galega, na que participará todo o profesorado e alumnado, así como todas aquelas familias que queiran. Na súa organización participará a ANPA.

4.1.11.- FESTIVAL FIN DE CURSO DA ANPA.

A ANPA do colexio, organizará para toda a comunidade educativa, o día 22 de xuño, un festival no que terán lugar exposicións, actuacións, demostracións,... das diferentes actividades extraescolares que se levaron a cabo durante o presente curso escolar.

4.1.12.- ENTREGA DE ORLAS.

O día 23 de xuño, terá lugar un acto de despedida, en lingua galega, para o alumnado de 6º e a entrega de orlas, ao que poderá asistir toda a comunidade educativa. Tamén despediremos neste acto, ao profesorado que cambie de destino para o vindeiro curso.

4.1.13.- COOPERATIVA RIOMAIOR.

Dentro do proxecto Depoemprende da Deputación de Pontevedra, o alumnado de 6º está inmerso nun ambicioso proxecto, que consiste na creación dunha cooperativa. Son moi numerosas as actividades (desenvolvidadas en lingua galega), que inclúe:

- Creación dun grupo de Hangouts, formado polos mestres/as e alumnos/as do nivel, para favorecer a súa organización e comunicación.
- Creación dun logo e chapas para a publicidade da cooperativa.
- Redacción dun currículum e entrevista laboral para a asignación de cargos e funcións.
- Visitas e charlas para a adquisición de coñecementos:
 - . Charla de D. Eugenio Fernández, Xefe de Industria.
 - . Visita a unha empresa de Vigo.
 - . Visita á Deputación de Pontevedra.
- Organización de diferentes actividades e eventos ao longo do curso para a súa difusión na contorna coas que recadar cartos, que terán como obxectivo final unha viaxe de fin de curso a Dublín, como por exemplo:
 - . Inauguración do composteiro local (en colaboración co Concello de Vilaboa). Xornada na que ademais se venden brochetas de froita e se plantarán árbores na zona.
 - . Xornada de magosto (festa local de Cobres), na que haberá un posto de empanada e callos, e participación na Feira de outono, con produtos do horto escolar.
 - . Karaoke de Nadal, no que participan alumnos, mestres e familias.
 - . Elaboración con materiais de refugallo, de diferentes artigos de Nadal para a súa venda.
 - . Mercado de segunda man.

- . Deseño e elaboración de artigos do Entroido de Cobres.
- . E todas aquelas que vaian xurdindo ao longo do curso.

4.1.14.- RECÍCLATE CON SOGAMA.

Este é o nome dun Plan Proxecto no que están implicados os grupos de 5º e 6º e no que se inclúen numerosas actividades en lingua galega:

- **Eco-consellos:** montaxe de vídeo con eco-consellos para as festas de Nadal.
- Redacción de consellos sobre consumo e hábitos saudables, que se repartirán no supermercado (en colaboración co Concello de Vilaboa)
- **Ecopatrullas:** nas festas locais e diferentes eventos da contorna, serán as encargadas da separación axeitada do lixo e da información aos asistentes.
- Elaboración dunha enquisa para coñecer a implicación e coñecemento sobre a separación do lixo e reciclaxe dos habitantes de Vilaboa. Posterior análise dos resultados na área de matemáticas.
- **Obradoiros de reciclaxe:** persoal de SOGAMA, visitará o centro para levar a cabo uns obradoiros de reciclaxe, axustados a cada nivel educativo.
- Visita a SOGAMA dos alumnos/as implicados no proxecto (5º e 6º nivel).
- **Xoga con SOGAMA:** enviarán material ao colexio para gozar dunha xornada didáctica e lúdica, todo o alumnado do centro.

4.1.15.- GALISCÓN.

Outro Plan Proxecto no que está implicado o centro (alumnado de 6º nivel) e que está directamente relacionado e incluído nas tarefas da Cooperativa de Riomaor. Actividades a destacar dentro deste proxecto sobre a publicidade son:

- Análise de publicidade e posterior versionado.
- Elaboración de publicidade da Cooperativa de Riomaor (chapas e carteis)
- Creación dun vídeo promocional da compostaxe.
- Visionado e análise de publicidade antiga.
- Invención dun xoguete para publicitalo.
- Análise de carteis relacionados coa violencia de xénero e elaboración duns propios.

4.1.16.- CHARLAS E VISITAS AO CENTRO.

Son numerosas as visitas que recibimos no noso colexio ao longo do curso, de diferentes representantes de organizacións e/ou institucións que de algún xeito están relacionados con algún dos nosos proxectos. En todas elas, procuramos que a lingua empregada sexa a galega:

- Discurso de inauguración do curso escolar de D. Hector Santos, responsable de turismo da Deputación, para toda a comunidade educativa (12 de setembro).
- Charla de D. Eugenio Fernández, Xefe de Industria, para o alumnado de 6º nivel (15 de setembro).
- Charla dun representante do Clube de Piragüismo de Vilaboa, para o alumnado de 6º nivel (23 de setembro).
- Charla de D. Celestino Lores, presidente do Camiño Portugués, para todo o alumnado (20 de outubro).
- Charla de D^a. Eva Fernández Delgado, responsable de turismo no Concello de Vilaboa, para todo o alumnado (15 de novembro).
- Charla de D. Pepe Cáccamo, escritor nado en Vilaboa, sobre Memoria histórica (2 de decembro).
- Charla representantes de Galiscón, para alumnado do 6º nivel (19 de decembro).
- Charla de D^a Elisa Abellán, para 4º, 5º e 6º nivel, especialista en dietética (3 de febreiro).
- Charla, dun membro da Garda Civil, sobre Acoso escolar, para toda a comunidade educativa (14 de marzo).
- Charla, dun membro da Garda Civil, sobre Drogadicción, para alumnado do 4º, 5º e 6º nivel (15 de marzo).
- Charla, dun membro da Garda Civil, sobre Violencia de xénero, para alumnado de 4º, 5º e 6º nivel e familias (15 de marzo).

4.1.17.- SAÍDAS E VISITAS FORA DO CENTRO.

Entre as saídas e excursión que o alumnado fai ao longo do curso, cabe destacar pola súa vinculación coa lingua e patrimonio galegos, as seguintes:

- **Saída pola contorna**, dos alumnos/as de 1º e 2º nivel (21 de novembro).
- **Parque arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro**, dos alumnos/as de 4º e 5º nivel.
- **Actividades organizadas pola Afundación**, todo o alumnado, en diferentes datas e a diversas actividades.

4.2.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ALUMNADO.

4.2.1.- CONCERTO DIDÁCTICO.

A cargo da Escola de Música de Vilaboa, poderemos gozar o día 19 de setembro, do concerto didáctico "O soño na gaiola", unha escolma de 11 poemas de Manuel María, interpretados musicalmente.

4.2.2.- DÍA DA BIBLIOTECA.

O día 23 de outubro, co gallo de conmemorar o Día da Biblioteca, abriu as súas portas, tanto para os alumnos/as como para as familias, para a consulta e préstamo de fondos de ambos. Catro antigos mestres do colexio (incluído Miguel Anxo Mouriño, quen deu nome á nosa biblioteca), fixeron este día de contacontos para os nosos alumnos/as, que foron distribuídos en dous grandes grupos para que as narracións fosen máis axeitadas a cada nivel educativo:

- 1º, 2º e 3º: "Que fermoso é Panamá".
- 4º, 5º e 6º: "Lobis home".

4.2.3.- DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O 25 de novembro conmemorábase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, coa elaboración dun mural colectivo (alumnado e profesorado), no que todos estamparemos as nosas mans en cor morado e dentro escribiremos unha mensaxe referida ao rexeitamento contra a violencia de xénero ou consellos en positivos sobre cómo evitala.

4.2.4.- DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

Con motivo do día de Rosalía de Castro (23 de febreiro), están previstas as seguintes actividades:

- 1º nivel: ilustrará o poema "Adiós ríos, adiós fontes"
- 2º e 3º niveis: farán un retrato de Rosalía de Castro, a partir dun modelo dado.
- 4º nivel: a partir dunha escolma de poemas da autora, os alumnos/as escollerán as estrofas que máis lles gusten e escribiranas.
- 5º e 6º niveis: escollerán un poema a partir dunha selección previa do profesorado e recitarano.
- Composición e exposición dun mural con todos os traballos feitos.
- Participación do alumnado no concurso "Imaxina a Rosalía en Vilaboa", organizado polo Concello no que estamos ubicados.

4.2.5.- LETRAS GALEGAS.

Realización de actividades relativas ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017, o autor ourensán Carlos Casares (Ourense, 1941 - Nigrán, 2002).

Homenaxe a Carlos Casares:

- Representación dos alumnos/as de 6º nivel da súa obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.
- Murais divulgativos do autor.
- Confección de folletos divulgativos para repartir entre a comunidade educativa e os visitantes.
- UD para os distintos niveis referidas á vida e obra do autor.
- Elaboración dunha listaxe de enlaces web con actividades e información referidas ao autor.

4.2.6.- VEN A COÑECER RIOMAIOR.

Os alumnos de 1º nivel, elaborarán un tríptico que terá como obxectivo a promoción do CEP Plurilingüe de Riomaior. Este folleto, estará redactado en lingua galega e os textos apoiaranse coas imaxes elaboradas polos nenos/as, os cales plasmarán a súa opinión sobre por qué hai que vir ao noso colexio.

4.2.7.- A TERRA DE COBRES.

O grupo de 2º nivel, apoiándose nas novas tecnoloxía, creará un folleto publicitario de Cobres, en lingua galega, dando a coñecer os seus puntos de interese, gastronomía, lugares para visitar,...

4.2.8.- OS GALEGOS NO MUNDO.

Nos grupos de 3º nivel, porase en marcha un proxecto sobre emigración, no que os alumnos/as terán que investigar quen da súa familia ou coñecidos, tiveron que emigrar. O proxecto constará de diferentes tarefas:

- Entrevista ao emigrante ou persoa que coñeza de preto a súa situación.
- Procura de información sobre o lugar ao que emigrou, apoiándose das novas tecnoloxías (situación xeográfica, lingua, bandeira, gastronomía,...).
- Redacción dunha ficha resumo en lingua galega, con toda a información recadada.
- Exposición oral en lingua galega e intergrupos do redactado na ficha resumo.

4.2.9.- O NORTE DE ESPAÑA.

Co gallo de coñecer o relevo, gastronomía, patrimonio,... desta zona de España, os alumnos/as de 4º nivel, levarán a cabo un traballo de investigación que terá como tarefa final,

a elaboración dunha presentación en power point en lingua galega, na que recollerán toda a información recadada e os coñecementos adquiridos.

4.2.10.- VIAXEIROS POR ESPAÑA.

Un dos proxectos do alumnado de 5º nivel, consistirá en organizar unha viaxe polas diferentes comunidades autónomas de España durante unha semana. Terán que preparar a maleta tendo en conta o clima da zona, buscar aloxamento e medio de transporte para chegar e volver, investigar sobre os puntos turísticos que queren visitar,... Como tarefa final, crearán por grupos, unha presentación en power point en lingua galega.

4.2.11.- O VALOR DUN CONTO.

Traballaremos a Educación emocional e en valores, empregando contos en lingua galega, que os alumnos/as analizarán axustándose ao seu nivel educativo. Algúns dos títulos propostos son: *O cazo de Lorenzo*, *A que sabe a lúa*, *A cebra Camila*, *Monstro pequeno di NON*, *A máscara do león*, *Nariz de ouro*, *A mellor sopa do mundo*. Os contos presentaranse en texto, visionado dos vídeos ou a través de cantigas e os alumnos/as terán que elaborar resumos, carteis e/ou ilustracións, dependendo do nivel educativo.

4.2.12.- TURICONTO.

Crearemos un conto, no que participarán todos os niveis, redactándoo e ilustrándoo. O fío condutor será unha viaxe da mascota da nosa Biblioteca, Buli, que percorrerá distintos lugares, vivindo aventuras para atopar ao seu fillo Buliño. Como tarefa final elaboraremos o conto en soporte papel e un audio-CD, que pasarán a formar parte dos fondos da biblioteca.

4.2.13.- ONDE ESTÁ EMILIA BYTE?

Consiste nun xogo de pistas que os alumnos/as recibirán a través dos blogs. Emilia Byte, viaxará a diferentes destinos que terán que descubrir. Cada destino inclúe catro pistas, unha por semana, e a solución terá que ser enviada por correo electrónico á Coordinadora do Equipo TIC ou no mesmo blog. Os destinos serán diferentes para cada nivel, tendo en conta a distribución inicial: Vilaboa, Pontevedra, Galicia, España, Europa ou o mundo.

4.3.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROFESORADO E COA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

4.3.1.- PROXECTO SOBRE O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS.

Continuar coa didáctica das tres linguas utilizadas no Centro (galega, castelá e inglesa) para traballar máis aló dunha visión tradicional do ensino e aprendizaxe das linguas.

A actividade consiste no deseño e posta en práctica nas aulas dunha proposta didáctica que integre obxectivos, contidos, avaliación e metodoloxía das áreas lingüísticas ao abeiro da realización dun proxecto contextualizado e centrado no desenvolvemento de competencias clave do alumnado.

Neste curso todo o profesorado está involucrado no proxecto de formación: *Acción - Comunicación*.

Pola implicación do CEP Plurilingüe de Riomaior na promoción das linguas, fomos seleccionados para o intercambio e convivencia con mestres doutro colexio (CEIP Margarita Salas, Valladolid). É así como xurde a idea dun intercambio tamén entre alumnos/as, mediante Skype e correo ordinario e a elaboración dun dicionario galego-inglés.

4.3.2.- PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS.

É un documento persoal promovido polo Consello de Europa, no que os que aprenden unha lingua –xa sexa na escola ou fóra dela- poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe de lingua e culturas e reflexionar sobre elas.

O Portfolio consta de tres partes: Pasaporte de linguas, Biografía lingüística e Dossier.

4.3.3.- PROXECTO LECTOR:

Neste eido, incrementamos o material bibliográfico en lingua galega que conforma o circuío lector da Biblioteca Escolar "Miguel Mouriño".

Deseñamos unha proposta de actividades relacionadas, que terán ademais en conta, o tema eixo do curso: DESTINO.com:

- Revisión, reorganización e control do material da Biblioteca Escolar.
- Ambientación, creando espazos onde a Biblioteca sexa o eixe arredor do que xiran todos os elementos do colexio con Buli (a mascota do Centro) como animador.
- Difusión da Guía e Formación de Usuarios.

- Explicación ao 1º Ciclo e recordatorio ao resto do alumnado sobre as normas de funcionamento da Biblioteca (outubro).
- Adquisicións e rexistro do novo material e actualización de rexistros antigos.
- Préstamos:
 - . Ao alumnado, o horario escollido polo profesorado titor, dentro do horario lectivo e nos recreos.
 - . Ás familias, en horario de tarde.
- Exposicións temporais, que poden ser de dous tipos:
 - . Temáticas, con libros existentes na Biblioteca relativos ao tema proposto.
 - . Novidades, para dar a coñecer as novas adquisicións.
- Edición de novos carnés ao alumnado de novo ingreso.

- Nomeamento de alumnos/as de 6º nivel, como **colaboradores de Buli**. Durante os recreos, estarán no espazo da Biblioteca, para axudar ao alumnado na procura de libros, organizar os andeis, vixiar o cumprimento das normas,....
- **Buli recomenda:** Elaboración de Guías de Libros recomendados por idades: unha polo Nadal e outra para o verán.
- **Hora de Ler:** Establécese unha sesión diaria de **20 minutos** para dedicala á lectura todo o alumnado do Centro, dirixido e estimulado polo profesorado. Deberán ler o que desexen e só por pracer.
- **Itinerario Lector:** Actividade nova que consiste en elaborar unha lista de libros de obrigada lectura para todo o alumnado do Centro. A selección faina o Equipo da Biblioteca e debe constar de 3 libros en galego, outros 3 en castelán e 2 en inglés.
- **Clubs de Lectura:** Funcionarán dous; un co alumnado do 3º Ciclo, para o fomento da competencia literaria, e outro coas familias e profesores que o desexen.
- **Contamos contigo:** Aqueles alumnos/as, nais/pais, avós, ... que o desexen preparan un conto e/ou poesía que lle lerán aos compañeiros de aula.
- **Apadriñamento Lector:** O alumnado de 4º, 5º e 6º le ao de 1º, 2º e 3º, un día á semana durante un trimestre, rotando nos seguintes.
- **Obradoiros de Escrita:**
 - . 1º Trimestre: *Descricións, cómics, postais, expresión oral/teatro, ...*
 - . 2º Trimestre: *Refráns e ditos populares, poesía, receitas saudables, instrucións, prensa e noticias, ...*
 - . 3º Trimestre: *Comprensión escrita/narrativa, investigación (biografías, gráficas, resumo, fichas, ...), expresión oral/teatro, ...*
- Xogo de Pistas, para coñecer mellor a organización da Biblioteca.
- **Mochila viaxeira:** Durante todo o curso, os alumnos/as de 1º, 2º e 3º nivel, rotarán semanalmente unha mochila na que se incurrán dous libros en lingua galega e dous en lingua castelá e que levarán a casa para compartir a súa lectura en familia.
- **Recreos de conto:** Os recreos do venres, haberá unha sesión de contacontos en lingua galega para todo o alumnado que queira asistir. O lector ou intérprete poderá ser un mestre ou un familiar.
- **Consultorio de Buli:** Na Biblioteca haberá un espazo no que o alumnado poderá pedir axuda, consello ou opinión, por escrito, á nosa mascota, quen contestará tamén por escrito.
- Conmemoracións:
 - . **Día da Biblioteca:** 23 de outubro.
 - . **Día de Rosalía:** 24 de febreiro.
 - . **Día da Poesía:** 21 de marzo
 - . **Mes da Prensa:** marzo.
 - . **Abril dos Libros:** Durante o mes de abril realizaranse diferentes actividades de promoción do libro como **“Día do Libro”, “Feira-troco do libro usado”** ou a **“Semana do cómic”**.

O EDLG participará e colaborará co equipo de Biblioteca fomentando actividades de dinamización e animación á lectura onde o galego e o castelán participen en igualdade .

4.3.4.- EQUIPO CORRECTOR.

O EDLG supervisará e asesorará en materia lingüística á comunidade escolar a través dunha serie de medidas:

- Revisar a documentación emanada do centro, cartelería...
- Dotar ao profesorado das ferramentas informáticas precisas para o desenvolvemento do seu traballo en galego a través do correo electrónico (tradutores, correctores de texto, listado de recursos didácticos na web, páxinas web de interese,...), do mantemento bibliográfico dos andeis do EDLG existentes na sala de profesores, mantemento do Blog do EDLG, etc.
- Elaboración dun dicionario de uso da xerga educativa que incluírá os termos máis empregados e os seus debuxos respectivos.
- Nomeamos elementos do Centro: nesta actividade, que xa comezara no curso 2010-2011, renovarase e ampliarase o nomeamento dos diferentes espazos e obxectos de Todo o colexio, especialmente os máis castelanizados na fala, con etiquetas ben visíbeis e cun deseño estético. No vocabulario destas etiquetas aparecerán os tres idiomas (galego, castelán e inglés).

4.3.5.- ROTULACIÓN.

Esta actividade consiste en identificar as aulas mailo resto de espazos docentes do Centro (Biblioteca, Aula Informática, Aula de Art, Aula de Inglés, Aula de Música, Educación Física, Laboratorio, ...) cun nome relacionado co proxecto “**DESTINO.com**”. Cada grupo-clase traballa un contido relacionado co tema, e elabora un rótulo para pór na porta, no que incluírá o nome, unha ilustración e unha breve explicación en lingua galega.

4.3.6.- NOVAS TECNOLOXÍAS.

Tratamos de crear, xestionar e almacenar recursos audiovisuais e produtos tecnolóxicos en galego utilizando o espazo Web do Centro, con enlace ao cartafol onde o EDLG colga os traballos, novas e avisos co seguinte enderezo (www.edu.xunta.es/centros/cepriomaior), mailos diferentes blogs creados polos Equipos Docentes (bibliotecariomaior.blogspot.com; cepriomaior1.wordpress.com (1º Ciclo); 2ciclocepderiomaior.wordpress.com (2º Ciclo); riomaior3.wordpress.com (3º Ciclo), ...

Terá un tratamento especial a creación e/ou adquisición de material, tanto didáctico como informático, co obxectivo de ir creando un corpus adecuado e suficiente para atender ao **alumnado con necesidades educativas especiais**.

Ademais, creamos dous grupos de WhatsApp, un dos membros do EDLG e outro do Claustro de mestres, para facilitar a súa coordinación e comunicación.

Este curso, comezamos a empregar a aplicación móbil TokApp School, para xestionar a información ás familias.

Todas as actividades que estamos a propor neste Proxecto de Fomento do uso do galego, son coñecidas e compartidas polos compoñentes do claustro, así como pola dirección da ANPA, do CRA de Vilaboa e da concellería de Cultura do noso concello e, en base ás actitudes positivas de todos eles, expresamos o noso compromiso de levar a cabo as actividades propostas caso de ter o financiamento necesario.

En Riomaior (Vilaboa), a 20 de febreiro de 2017

Vº e prace



Asdo.: D^a Isabel García Rodríguez
Coordinadora do EDLG



Asdo.: D^a M^a Carmen Fernández Fernández
Directora do CEP Plurilingüe de Riomaior